

DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO DO CENTRO 2021-22

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Deben cubrir a solicitude (Anexos I e II) e aportar a seguinte documentación o alumnado de PRIMARIA que non foi beneficiario da axuda de material escolar e cumpre coas condicións da convocatoria.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

- a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegárase un certificado ou volante de convivencia no cal deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) **Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.

d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de **incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada**.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da **situación de acollemento ou do certificado do centro de menores**, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada xunto á solicitude de material escolar do curso 2021/22.

2. A documentación complementaria presentarse presencialmente no centro docente onde este matriculado o alumno.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código de procedemento e o órgano responsable, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2019, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.